

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E FUNDACION CIDADE DA CULTURA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO MASTER DE SERVIZOS CULTURAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 08 de xaneiro de 2018 coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do Máster de Servizos Culturais na Fundación Cidade da Cultura de Galicia, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa. As prácticas poderán ser:

- Curriculares, contempladas nos plans de estudos.
- Prácticas conducentes á elaboración dos Traballos Fin de Grao / Traballos Fin de Máster, segundo se contempla nos plans de estudos e demais normativa de aplicación.
- Extracurriculares, ou complementarias.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela. O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno é un dos obxectivos que a USC considera de maior importancia.

Por outra parte, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten entre os seus fines fundacionais os seguinte;

- “a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*

[...]

- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.”*

Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito empresarial e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.



Todo iso evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as empresas no desenvolvemento do período de prácticas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

